
CENTELLA QUE OS COMA

Un día de forte sol de Mayo, canso de mover terra n-a veiga, cheíño de fame e sede, doulle un vahido á Fermín Nekreques y-uns veciños trouxérono pro lugar, soprándolle pra que siquiera non morrese por falta d'alento.

Un meniño, fillo de Fermín, de dez anos, viña arrimado os homes que traían o pai.

Unha moza adiantouse lixeira de pernas pra chamar o médico novo que había n-a parroquia.

Tan presto chegaron á casa de Fermín, pu-

xérono n-a sua espida cama, y-o ciruxano dixó, despois de dez minutos de estudeo:

—Está tan débil su organismo que precisa mucho descanso y buena alimentación.

E respondeu o rapaciño, fillo d-o enfermo:

—Si non padece outro mal, eso xa o sabía mi padre; índa dixó fai unba semana que calquera día caería de traballo e de fame. ¡Bah, bah!... ¡caciques e médecos, centella que os coma!!

FORTUNATO CRUCES.



Puente deume